

1º) RELACIÓN DE EXPEDIENTES URBANÍSTICOS QUE MOTIVARON AS MENCIONADAS IMPUTACIONES.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que **Dna. Catalina González Bea, Alcaldesa do Concello de Sanxenxo**, estaba imputada polos delitos de prevaricación, tráfico de influencias e suborno, solicitando que constasen en acta estas palabras. A continuación recriminou á **Sra. Presidenta** a convocatoria desta sesión ás nove da mañá, privando a moita xente de asistir á mesma, así como de que non tivese a iniciativa de expoñer aos voceiros dos grupos políticos municipais o que está a suceder. O interviniente aludiu á crítica por parte da alcaldía de persoas que exercían o seu dereito a ir a un xulgado, a ameaza a outras, que por iso non foron, á relación que pola alcaldía se fixo deste asunto co seu grupo político, que obtivo 1.600 votos nas eleccións municipais e a falta de respecto aos veciños dunha zona determinada do concello, que denominou como “clan”. Engadiu que non tiña nada persoal en contra da **Sra. Alcaldesa**, pero se da súa xestión, sendo a imputación froito daquela e a mesma corporativa un exemplo de descrédito político, desfacendo á familia do Partido Popular no concello, sen que fose casualidade a súa imputación porque todos, o primeiro o **Sr. Rodríguez Lorenzo**, cando estaba na oposición, aínda que agora o esqueza, sabían o que sucedía, criticando, por último, que o **Grupo Popular** estea calado.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, pediu que se informase dos expedientes polo que se producen as imputacións por prevaricación, suborno e tráfico de influencias, precisando que o primeiro delito pode ser por cuestións técnicas, pero os outros dous teñen mais connotacións, engadindo que o Partido Popular leva catorce anos no goberno municipal, que houbo funcionarios que se prestaron ao xogo do citado partido político e rematou solicitando novamente que se aclarase que expedientes causaron as imputacións.

Neste momento, sendo as nove horas e doce minutos presentouse na sesión a **Sra. González Serén**, concelleira do **Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou en primeiro lugar que non era razoable que se dixese tan só pola **Sra. Alcaldesa** o texto do punto da orde do día, aclarando a **Sra. Presidenta** que se limitaba a ler literalmente o texto que figuraba na convocatoria realizada polos sete concelleiros que solicitaron este pleno. O **Sr. Otero Domínguez** destacou que faltaba a motivación da solicitude de convocatoria, que debía figurar na acta e que se transcribe a continuación: “O pasado mes de Novembro do 2013, o Xulgado de Instrución nº 2 de Cambados comunica á Alcaldesa Dona Catalina González Bea a súa imputación, xunto con varios técnicos municipais e políticos, por un presunto delito de prevaricación, cohecho e tráfico de influencias, en relación con diferentes expedientes urbanísticos tramitados pola Xerencia de Urbanismo do Concello de Sanxenxo. Dada a gravidade dos feitos e a falta de iniciativa por parte da Alcaldesa de trasladar as correspondentes explicacións aos grupos da oposición, así como ao conxunto dos veciños mediante a convocatoria voluntaria dun pleno específico”. O concelleiro no uso da palabra precisou que a oposición se viu na necesidade de convocar este pleno extraordinario, xa que existen cuestións a aclarar, tendo en conta, ademais, que a **Sra. Alcaldesa** non conseguiu saír desimputada despois de declarar, debendo ter dimitido fai tempo.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, dixo que non ía intervir

ata os dous últimos puntos da orde do día, porque os anteriores eran preguntas dirixidas á **Sra. Alcaldesa**, pero houbo un concelleiro que se atreviu a nomealo e que parece que o que intenta é defender o Partido Popular e atacar a **Sra. Alcaldesa**, semellando que está máis enterado da vida orgánica do citado partido político que algúns dos seus membros. Engadiu que había que centrarse no debate da orde do día e que, nun principio, existe unha presunción de inocencia e que unha persoa estea encausada non quere dicir que estea sentenciada.

O **Sr. Gonzalo Pita** aludiu a que non aceptaba leccións de moralidade do **Sr. Rodríguez Lorenzo**, a quen citou por ser un dos concelleiros veteranos e que por iso sabe que as cousas levan moito tempo sen facerse ben. Tamén dixo que non era do Partido Popular e que se solicitou a convocatoria con oito puntos na orde do día para que se puideran facer aclaracións en cada un deles.

O **Sr. Buezas Méndez** pediu que se aclarase o referente a este punto da orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que querían que constase na acta a relación concreta dos expedientes obxecto das imputacións, que a alcaldía non lles dixo nada e, dos datos coñecidos, a **Sra. Alcaldesa**, xa tiña que haber dimitido

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non tiña inconveniente en contestar directamente e por suposto que se ían tratar os oito puntos da orde do día, explicando que no seu día convocou unha rolda de prensa para comunicar as súas imputacións, os expedientes que lle afectaban e a súa teoría de onde partía todo isto e a onde pretendía chegar. A interviniente continuou dicindo que non ameazou a ninguén, engadindo que se consideraba inocente, que tamén as denuncias falsas eran un delito e expresou o dano que se lle está a causar a ela e a súa familia. Respecto do **Sr. Gonzalo Pita** dixo que todo o mundo sabía como se formou o seu partido e precisou que os expedientes polos que estaba persoalmente imputada eran os de “**Ferro Mesego**”, “**Balboa y Chan**” e “**Caneleiro Inversións**”. Por último sinalou que, dende febreiro de 2012, está o expediente de petición de documentación do xulgado no concello e a oposición non o pediu, dándolle igual, indicando que queren machucala por medo a que gañe as próximas eleccións.

2º) RELACIÓN DAS PERSOAS IMPUTADAS (TÉCNICOS, POLÍTICOS E DEMAIS PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS IMPLICADOS).

O **Sr. Gonzalo Pita**, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, lamentou que tivesen que decatarse deste asunto pola prensa e precisou que pola Alcaldía se formularon ameazas, ao indicar que xa vería o que facía cunha persoa cando remate todo isto, engadindo que se a **Sra. Alcaldesa** ten algunha teoría, debe comunicala ao xuíz e preguntouse, respecto da falta de solicitude de expedientes aludida pola **Sra. Alcaldesa** no punto anterior da orde do día, para que pedilos, cando recentemente, en contestación a unha solicitude súa deste carácter, se lle dixo que aínda o ían buscar, ademais de que os expedientes non están dilixenciados, de maneira que calquera que os vexa pode coller algún papel destes.

O **Sr. Buezas Méndez**, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, solicitou a contestación á solicitude da aclaración formulada neste punto da orde do día.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,

referíndose á intervención no anterior punto da orde do día da **Sra. Alcaldesa**, preguntou se non faltaban expedientes, intervindo entón a **Sra. Presidenta** para preguntar a súa vez ao interviniente se tiña mais información, ao que contestou o interpelado que nos medios de comunicación saíron outros expedientes, como o da casa do aparelador, momento no que a **Sra. Presidenta** sinalou que ía falar das súas imputación, non das dos demais e que, xa no anterior punto da orde do día, referiu os expedientes que lle afectaban, engadindo que non hai segredo de sumario no procedemento xudicial e, se queren ter coñecemento do mesmo, podían personarse e obter a documentación que consideraran oportuna. O **Sr. Otero Domínguez** sinalou que as palabras anteriores da **Sra. Alcaldesa** revelan que está invalidada para seguir no seu cargo, porque agora ten unha actitude de defensa persoal e engadiu, respecto das imputacións que lles corresponden a funcionarios e técnicos da Xerencia, que a **Sra. Alcaldesa** e súa a máxima responsable, polo que debía contestar, preguntando se o ía facer. Referíndose ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que non tiña inconveniente algún en debater con el a xestión na época anterior da Xerencia.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que podía debater sobre o citado polo **Sr. Otero Domínguez** todo o tempo que quixera, pero agora había que respectar unha orde do día, sinalando que o sucedido é consecuencia dun plan xeral que se aprobou a toda présa e da creación dunha Xerencia de Urbanismo, tal e como se fixo. Finalmente o interviniente sinalou que nos expedientes obxecto das imputacións había licenzas anteriores ao mandato da actual alcaldesa.

O **Sr. Otero Domínguez** mostrouse de acordo en que o PXOM era inadecuado e que podían existir erros de interpretación, pero unha cousa era a imputación por prevaricación, que podía afectar a cuestións técnicas e outra por suborno e tráfico de influencias. Tamén indicou que se xestionou o urbanismo temerariamente, o que deu lugar a sentenzas contrarias ao concello, cunha responsabilidade dos gobernantes, recordando a estes efectos que a **Sra. Alcaldesa** estaba dende 1999 na Xunta de Goberno, que tiña competencias delegadas en materia de urbanismo.

A **Sra. Alcaldesa** indicou que respondería tan só da súa imputación, para a que estaba citada persoalmente e que no concello non entrou ningún documento oficial do xulgado citando aos imputados, senón que se lles notificou persoalmente, precisando que toda a documentación ao respecto a terán que pedir no xulgado e non no concello. Continuou dicindo que o PXOM era unha ferramenta indispensable e produxo unha mellora, xa que os desmandos nesta materia viñan da época anterior, aínda que existiron erros no mesmo. Tamén indicou que había sentenzas a favor do concello e que se consideraba responsable das súas actuacións dende 1999, cos erros e acertos que lle correspondan, finalizando a súa intervención para precisar que non ameaza a ninguén, pero que se considera que existen denuncias falsas, tamén ten todo o dereito a denunciar.

3º) ACLARACIÓNS DETALLADAS DOS PRESUNTOS DELITOS QUE SE LLE IMPUTAN A CADA UN DOS IMPLICADOS E EN RELACIÓN A QUÉ EXPEDIENTES.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que parecía que a **Sra. Alcaldesa** viña a falar a título particular das súas imputacións, cando é a **Presidenta da Xerencia de Urbanismo** e non quere dicir nada do resto dos imputados que

forman parte dese organismo. A continuación sinalou que o PXOM é o que é, pero as imputacións non son debidas a este documento urbanístico, dado que son determinadas persoas as que están nesa situación e puntualizou, respecto da **Sra. Alcaldesa**, que facía uso do seu cargo para ameazar e que, aínda que saíse libre dá imputación, iso non quería dicir que a denuncia era falsa, xa que, se o xuíz non tivese apreciado indicios, xa tería arquivadas as denuncias.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, respecto dun dos expedientes, sobre o que xa preguntou na Xerencia de Urbanismo con motivo da licenza de 1ª ocupación, inquiriu agora a **Sra. Alcaldesa** se por este foi ameazada por alguén.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que a propia **Sra. Alcaldesa** foi quen nomeou ao anterior Xerente, que agora está imputado, polo que ten a obriga de contestar, polo menos dos imputados que están na Xerencia e aclarar o que está a pasar aquí.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que non podía explicar o que non sabe e precisou que, logo da súa declaración ante o xuíz, non podía saír desimputada, posto que aínda faltan por declarar mais da metade dos imputados. Igualmente aludiu a que, en ningún momento, falou de que toda A Salgueira fose un clan, senón de que varios dos denunciados viven alí. A continuación sinalou, respecto da oposición municipal, que sempre que piden un expediente se lles facilita, que convocou este pleno con carácter inmediato a súa solicitude, pero que agora este procedemento se segue no xulgado e non existe segredo de sumario, polo que, se queren ter acceso as declaracións, poden realizar o persoamento correspondente, sinalando que compareceu no xulgado cando o xuíz lle dixo e contestou a todo o que lle preguntou. A interviniente contestou en sentido negativo ao preguntado polo **Sr. Buezas Méndez** na anterior intervención e continuou dicindo que nomeou ao anterior Xerente como funcionario con maior antigüidade en urbanismo, que non contradixo ningún informe técnico e xurídico e que tamén se podía cometer prevaricación se non se concedía unha licenza que tiña informes favorables. Por último recordou á oposición que antes da creación da Xerencia de Urbanismo non tiña acceso aos expedientes, agora formaban parte do Consello da Xerencia, polo que todos os asuntos pasan polas súas mans e non realizaron ningunha denuncia, sendo a propia oposición e os denunciados os que manchaban o nome de Sanxenxo.

4º) ACLARACIÓN POR PARTE DA ALCALDESA DA SÚA IMPUTACIÓN POLO PRESUNTO DELITO DE PREVARICACIÓN E SOBRE QUÉ EXPEDIENTES.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, preguntouse, a vista do citado ata o momento pola **Sra. Alcaldesa**, porque existen trece imputados e precisou que as imputacións o eran a nivel persoal e que, sobre as dela, xa foi a declarar a **Sra. Alcaldesa**, polo que podía realizar as aclaracións solicitadas neste punto da orde do día. O interviniente tamén aludiu a que xente de A Salgueira se sentiu ofendida pola referencia que a ese lugar fixo a **Sra. Alcaldesa** como clan, entendendo que se produciu unha falta de respecto.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, recordou que o seu grupo xa pediu na Xerencia que se retirase algún expediente da orde do día do Consello, porque era mellor que o analizasen persoas externas, sen que se accedese a esa

solicitude e tampouco se realizase un seguimento axeitado do expediente.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que o goberno municipal parecía dicir que, na Xerencia, a oposición supervisa todo, o que non é certo e explicou que, antes da súa existencia, había unha Comisión de Urbanismo á que ían os expedientes e na que se votaba a favor, en contra e abstención, sendo a súa actuación vinculante, non como agora, polo que considera ao Consello da Xerencia, que é un órgano consultivo, como inútil, recordando que solicitaron unha relación das resolucións da Presidencia da Xerencia, como se facía coas da alcaldía, e se lles negou sistematicamente. En canto ao procedemento xudicial, dixo que as denuncias se produciron nos anos 2011 e 2012, a visita ao concello da Garda Civil no ano 2012 e, en novembro de 2013, comunícanse as imputacións, polo que se supón que durante este ano e medio, á parte das denuncias, se realizaron investigacións impulsadas polo xuíz e que deron lugar ás imputacións que se solicita aclarar.

A **Sra. Alcaldesa** repetiu os nomes dos expedientes polos que está imputada, manifestando que ante unhas denuncias se ten que investigar e que respondeu a todas as preguntas nunhas declaracións que duraron tres horas. Respecto dos expedientes dixo que a oposición os coñecía, que en ningún momento dixo que tivesen responsabilidade nos mesmos, que non ten dúbida de que os que informaron neles, o fixeron crendo que o facían ben, recordando, sobre o expediente de **Ferro Mesego** que, ao ter coñecemento do informe de sanidade, foi cando se incoaron os expedientes que levaron a anulación das licenzas outorgadas no seu día, con informes técnicos e xurídicos favorables e, sobre o de **Balboa e Chan**, que se concedeu a licenza co mesmo criterio que para outras edificacións que estaban na mesma situación.

5º) ACLARACIÓN POR PARTE DA ALCALDESA DA SÚA IMPUTACIÓN POLO PRESUNTO DELITO DE COFEITO E MOTIVACIÓN DESTAS ACUSACIÓNS.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que houbo unha investigación que derivou nunhas imputacións e engadiu que se levaba denunciando que non se facían ben as cousas na Xerencia. O interviniente culpou a **Sra. Alcaldesa** pola súa xestión do urbanismo e indicou que, de momento, podía considerarse a existencia dunha trama da que a **Sra. Alcaldesa**, como **Presidenta da Xerencia**, era máxima responsable e por último dixo que o suborno toca o diñeiro e para facer esta imputación teñen que existir probas.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, solicitou a contestación á solicitude da aclaración formulada neste punto da orde do día, resaltando que o xuíz, se imputa, é por algo.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, logo de explicar o significado da palabra suborno, manifestou que o xuíz debe ter motivos para facer esta imputación, engadindo que, dado que o suborno supoñía unha entrega de diñeiro, parecía que se estaba a levar a cabo unha investigación patrimonial e que os veciños teñen o dereito a saber porque está imputada por suborno a **Sra. Alcaldesa**, sen que poida dicir que non sabe, porque resulta increíble ou é que considera que isto é unha ocorrencia xudicial, intervindo neste momento a **Sra. Alcaldesa** para indicar que non dixo o que acaba de sinalar o **Sr. Otero Domínguez**, que non pode saber o que ten o xuíz na cabeza e que está a tramitar unhas denuncias.

O **Sr. Gonzalo Pita** aludiu a que o xuíz non estaba obrigado a tramitar as denuncias, xa que puido non admitilas a trámite, pero houbo unha investigación e, como consecuencia desta, produciuse a imputación por suborno, preguntando que probas ten o xuíz para facela.

O **Sr. Buezas Méndez** pediu que se explicase a motivación desta imputación.

O **Sr. Otero Domínguez** interpretou do manifestado pola **Sra. Alcaldesa** que descoñecía porque estaba imputada, sendo incapaz de dicir se alguén a implicou, o que lle parece increíble.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, precisou que os expedientes están custodiados e non se dilixencian mais que cando teñen que saír do concello para determinados procedementos, preocupándolle que expedientes poidan saír do concello sen a autorización pertinente. En canto ao PXOM dixo que é o que é, que era necesario facelo, pero non está de acordo con el, sobre todo porque se fixo con moita presión e que no Consello da Xerencia non era vinculante o voto de ninguén.

A **Sra. Alcaldesa** aludiu a que ninguén pode ter probas do que non se produxo e a que non aceptou ningún suborno por facer tratos de favor na Xerencia. A continuación engadiu que a política para ela era un traballo e non un negocio e que pediron a investigación do seu patrimonio, cando todo o mundo sabe que cobra 2.700 € ao mes e é do que vive. Por último dixo que non sabía no que se baseaba o xuíz, supoñendo que era nas denuncias presentadas.

6º) ACLARACIÓN POR PARTE DA ALCALDESA DA SÚA IMPUTACIÓN POLO PRESUNTO DELITO DE TRÁFICO DE INFLUENCIAS E MOTIVACIÓN DESTAS ACUSACIÓNS.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, sinalou que esperaba que non existise ningún tipo de suborno, pero a imputación debe estar fundamentada en algo e a imaxe de Sanxenxo está prexudicada, polo que, aínda que agarda que resulte absolvida a mandataria municipal, se pregunta que pasará mentres tanto. A continuación o concelleiro en uso da palabra, ante unha intervención da **Sra. Alcaldesa** sobre o seu coñecemento da denuncia, preguntoulle que quería insinuar e que, se estaba segura de algo, debía dicírlle ao xuíz. Por último manifestou que era un feito que na Xerencia non se trataba igual unhas persoas que outras, estando nas mesmas circunstancias.

O **Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, aludiu a que se construíron vivendas en zona forestal, algunha xa vendida e non se actuou, alegando que non se trataba igual a veciños.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que a actuación en expedientes, como o referente ao fraccionamento de licenzas de 1ª ocupación, recoñecían certa forma de comportamento. Tamén aludiu a expedientes que se traían por urxencia ao Consello porque as empresas estaban pendentes dun crédito e, en cambio, á xente se lles dilataba tres anos o seu expediente porque non traían o que se lles pedía, comportamento do que se podía deducir a existencia dun tráfico de influencias. Respecto dos asuntos obxecto das imputacións, recordou que tamén os promotores estaban nesa situación, precisando no expediente do informe sanitario que, na época de **Dª Encarnación Rivas** como

Xerente, se concedeu unha licenza de parcelación e que a posterior anulación das licenzas de obra, deron lugar a indemnizacións que, no caso de **Ferro Mesego**, supuxo un negocio nada desdeñable. Finalizou dicindo que o comentario de que na Xerencia non se trataba a todos por igual era “vox populi”, que se solicitaban informes que non eran preceptivos e se pedían por cautela e que podían incorporar mais informes ao xulgado.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, dixo, respecto das alusións á incorporación de expedientes, que o fagan e non xeneralicen, engadindo que se debía respectar a presunción de inocencia dos imputados e xa se vería no caso de que se aprobe a apertura de xuízo oral.

A **Sra. Alcaldesa** en primeiro lugar dixo que non había tráfico de influencias e explicou que levaba asuntos por urxencia ao Consello da Xerencia cando a ela, como Presidenta, lle formulaban a problemática e posteriormente, no citado órgano, consentíano. No referente ao asunto dos bloques aludido na intervención do **Sr. Otero Domínguez**, tamén se puxo en coñecemento dos membros do Consello e aceptouse, indicando que se os expedientes estaban listos para saír e se lle plantexaba á oposición nas reunións deste órgano, porque se os expedientes teñen todo a favor, non se poden resolver. A continuación aludiu a que a oposición, que realiza neste pleno este tipo de intervencións, é a que se reúne con plataformas de veciños que queren que non lles tiren obras ilegais. Con respecto as consultas realizadas nalgúns expedientes, a interviniente dixo que o urbanismo era unha materia complexa e que, ante cambios na lei autonómica, se fixeron á Xunta coa finalidade de ter unha maior seguridade. A interviniente precisoulle ao **Sr. Gonzalo Pita** que os concelleiros representaban á totalidade dos veciños, os votaran ou non e, por último, sinalou que as licenzas se tramitan en función dos informes e, se non van ao Consello, é porque falta algo e que, se alguén construiu en zona forestal, sería facendo a obra sen licenza, debendo dicirse nas denuncias quen era o infractor e onde.

7º) PETICIÓN DE CESE NAS SÚAS FUNCIÓNS DOS TÉCNICOS IMPLICADOS ATA A RESOLUCIÓN XUDICIAL DAS SÚAS IMPUTACIÓNS.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que xa sabía que representaba a todos os veciños, pero que aludiu aos votantes do seu partido porque a **Sra. Alcaldesa** manifestou que este formaba parte dunha conspiración. O concelleiro en uso da palabra sinalou que a **Sra. Alcaldesa** era consciente de que na Xerencia non se trataba a todo o mundo por igual, recordando que nunha sesión anterior xa pediu o seu cesamento mentres se soluciona este proceso xudicial e considerou que, ante a próxima desaparición deste organismo autónomo, era o momento de que os técnicos imputados non estean na nova estrutura. Neste momento e sendo as 11 horas e 25 minutos, ausentouse temporalmente da sesión a **Sra. Alcaldesa**, pasando a desempeñar a **Presidencia Accidental** da mesma o **Primer Tenente de Alcalde, D. Salvador Durán Bermúdez**. **O Sr. Gonzalo Pita** engadiu que se entrou nun xogo, por presións políticas, sobre o carácter dos informes e iso non funciona así, manifestando que nun asunto obxecto dunha imputación, non había forma de informar o que querían que informasen. Finalmente o interviniente dixo que a **Sra. Alcaldesa** pasaba por enriba do que fora con tal de permanecer na súa cadeira e que lle preocupaba, cara ao futuro, a xestión do urbanismo coa presenza da **Sra. Alcaldesa** e os técnicos imputados.

O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dixo en

primeiro lugar que se reunía coa plataforma e con quen quería e, a continuación, que coñecía que en parcelas afectadas pola mesma ordenanza, nun caso se concedía licenza e noutro non, o que podía considerarse como tráfico de influencias e avogou porque os técnicos imputados, mentres dure o procedemento xudicial, non realicen informes e fagan outros traballos.

O **Sr. Otero Domínguez**, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, especificou que o funcionamento da Xerencia está baixo mínimos. Neste momento e sendo as 11 horas e 30 minutos, reincorporouse á sesión **Sra. Alcaldesa**, co que volveu a ostentar a **Presidencia** da mesma. O interviniente aludiu a que os técnicos imputados teñen que emitir informes, o ritmo de traballo é moi escaso e esas imputacións poden afectarlles na súa capacidade de informar, á parte da cal os veciños tamén poden desconfiar, polo que hai que buscar unha saída, apartándoos de este tipo de funcións, algo que seguramente eles tamén agradecerían.

A **Sra. Deza Martínez**, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, en primer lugar mostrou a súa perplexidade polos comentarios realizados pola oposición nesta sesión e precisou que a imputación supón que unhas persoas están a ser investigadas nun procedemento xudicial. No que se refire ao dito polo **Sr. Buezas Méndez** sobre outros expedientes que tamén podían aportarse, a interviniente dixo que parece que os está a encubrir e que os debía manifestar. Tampouco lle pareceu axeitada a referencia que fixo o **Sr. Otero Domínguez** á existencia de posible tráfico de influencias, porque na maioría das reunións do Consello da Xerencia non se incluían asuntos por urxencia, ao igual que tamén, ás veces, se retiran puntos da orde do día, resaltando que, aínda que ese órgano non é vinculante, se falaba de todos os asuntos da orde do día. A interviniente recalcou que a lei era igual para todos, quen cumpre obtén a licenza e quen non, non e que se trataba exactamente igual a todo o mundo, tendo en conta que nesta materia a lexislación cambiou e que había normativa de carácter estatal, sentenzas ou informes sectoriais, engadindo que mais ben a xente se queixa de que son restritivos. Por último sinalou que era legalista, tendo unha vida mais alá da Xerencia de Urbanismo.

O **Sr. Gonzalo Pita**, referíndose á anterior interviniente, dixo que non decidía e que seguía considerando que non se trataba a todo o mundo por igual, indicando que as imputacións se produciron despois dunha investigación, ao apreciar o xuíz a existencia de indicios de delito. A **Sra. Alcaldesa** sinalou neste momento que a **Sra. Deza Martínez** era todo o contrario a unha concelleira floreiro e que quen dixera que non tiña criterio era que non a coñecía.

O **Sr. Otero Domínguez** dixo que a **Sra. Deza Martínez** se defendeu a se mesma, sorprendéndose de que non mostrase tamén perplexidade porque estea imputado practicamente todo o equipo da Xerencia. O interviniente manifestou, respecto da reunión coa plataforma de veciños afectados polos derrubamentos, que tamén invitaron ao goberno municipal e asistiron para analizar a situación e as ilegalidades obxecto dos expedientes. Continuou dicindo que a **Sra. Deza Martínez** era moi desagradable cos veciños, sendo un reflexo da Alcaldía, á cal se somete, posto que non ten autoridade e, para o que fai, mesmo non é necesaria, chegando para iso un funcionario. O interviniente proseguiu indicándolle á **Sra. Alcaldesa** que, o por ela denominado Clan de A Salgueira, se iniciou cando algúns concelleiros do **Grupo Popular** se opuxeron á contratación do servizo de recollida de lixo por un longo período de tempo e por unha gran contía económica, engadindo que todo o mundo o sabía e que unha desas concelleiras estaba sentada á súa dereita. Neste momento interveu a **Sra. Alcaldesa** para especificar que cando empregou a palabra de clan, o fixo para referirse aos denunciante e indicou que o **Sr. Otero Domínguez** trataba de sementar dúbidas sen coñecer datos fidedignos, posto que o único que

pasou foi que, como houbo concelleiros que non estaban de acordo coa proposta de contratación inicial, que contemplaba un contrato de duración de vinte anos, con determinadas contra prestacións para o concello, se fixo outra por menos anos.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que non poñía a man por ninguén, incluídos os funcionarios, pero tamén era certo que existe a presunción de inocencia e que, mesmo despois dunha sentenza, cabe o recurso de apelación, polo que non se pode apartar a ninguén ata que exista unha sentenza firme. A continuación explicou que no Consello da Xerencia, aínda que non era un órgano vinculante, estaban presentes todos os grupos políticos, que nel votaba favorablemente e cando o fai en contra é porque existe algún informe negativo ou se excepcionalmente entendía, cos pequenos coñecementos que lle da a experiencia, que pode haber calquera erro. O interviniente finalizou dicindo que a suspensión preventiva só podería ser por un período máximo de seis meses, no que se segue cobrando e que un informe pode estar equivocado, pero que era distinto se se debía a unha errónea interpretación.

A **Sra. Deza Martínez** volveu a recordar a presunción de inocencia dos imputados e precisou que nun procedemento penal destas características, houbo unha denuncia previa, existe a actuación do fiscal e nesta fase de instrución o xuíz está a levar as investigacións oportunas, citando a declarar a imputados e testigos, neste momento probablemente nin siquiera foron a declarar todos os citados, motivos polos que considera esta petición precipitada, engadindo que hai que ser cautelosos e esperar a novas fases do procedemento, como pode ser a apertura do xuízo oral.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que non cesará a ninguén, porque neste momento non hai causa para iso.

8º) VOTACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UNHA AUDITORÍA EXTERNA SOBRE XESTIÓN URBANÍSTICA, NO PERÍODO DE VIXENCIA DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE SANXENXO.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, sinalou que se estaba ante un capítulo triste e negro dentro do urbanismo de Sanxenxo, sendo necesario un impulso para pechalo e ter seguridade xurídica, o que se conseguiría mediante a aportación dun documento técnico, como sería unha auditoria dos expedientes que se tramitaron na Xerencia de Urbanismo, para aprender do pasado e dar transparencia cara aos veciños, non confiando en que o goberno estea polo labor, xa que destaparía moitos casos.

O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, precisou que a auditoria non incluíría obras menores, pero se asuntos como os do SU13, PEI 18 ou o da Asesoría Xurídica e serviría para saber se o plan está caduco, as modificacións que serían pertinentes ou a necesidade de ir a unha revisión do PXOM. O interviniente sinalou que sería feita por técnicos independentes dos partidos e non nomeados a dedo. Finalmente manifestou que os veciños de Sanxenxo non teñen porque pagar a demolición do edificio da rúa Progreso, nin outras indemnizacións urbanísticas que provocan que o concello estea intervido ata o ano 2022, sendo desexable que se contase con consenso.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comezou citando a contía que ten que devolver o concello no SU 13, incluíndo os intereses, polo

que era unha boa operación financeira para os promotores, en base a unha decisión política da alcaldía e da que o **BNG** advertiu sobre as consecuencias, actuación pola que podería estar tamén imputada. Continuou dicindo que a indemnización por Ferro Mesego, dada a situación inmobiliaria actual, tampouco foi unha mala operación. O interviniente, respecto das imputacións, indicou que o xuíz podía equivocarse, pero tamén estaba a garda civil de delitos urbanísticos e, a continuación, sinalou que foi a **Sra. Alcaldesa** quen filtrou o vínculo familiar da **Sra. Lago Martínez** con algunha das denunciantes, aludindo a unha licenza solicitada recentemente, sobre a que a propia alcaldía sementou a dúbida, para acabar concedéndoa e finalizou para dicir que os veciños non votaron a **Sra. Alcaldesa** para que permanecese no seu cargo contra vento e marea, habendo votantes do **PP** que non están de acordo con que siga no seu posto.

O **Sr. Otero Domínguez** logo de avogar polo voto a favor da auditoría, manifestou que non só noutra época se cociñaron moitos asuntos, senón na corporación anterior á actual.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** indicou que dende a oposición pretendían dar a entender que non coñecían os expedientes, pero a realidade é que se os coñecen, a pesar de que non os pediron por rexistro. En canto a referencia a Salgueira, calquera pode interpretar que era unha alusión a unhas determinadas persoas que vivían ali, sen que iso supoña unha ofensa a ese lugar. O interviniente continuou dicindo que a oposición debía dar nomes concretos de expedientes e, en canto ao inculcados, sinalou que algúns tamén eran técnicos, polo que era difícil para os políticos saber interpretar os seus informes. Tamén dixo que no SU 13 había que devolver os intereses, exactamente igual que cando o concello cobraba unha débeda pendente. Proseguiu sinalando que gobernaba co **PP** e volveríao a facer, se en fronte tivese a actual oposición, sinalando que non podía manterse ao marxe de que neste concello exista un goberno estable, como o hai na actualidade, detectando unha forma moi distinta de actuar dende que está no goberno. De seguido e referíndose á oposición, aludiu a que fixeron acusacións moi graves e hai que demostralas, indicando que, aínda que agora actúan, no pasado non fixeron nada nin presentaron mocións sobre estes expedientes, nin sequera os pediron cando os solicitaron no concello dende o xulgado.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que o urbanismo en Sanxenxo se xestiona dende antes da creación da Xerencia de Urbanismo e que todos os membros do Consello da Xerencia poden solicitar os expedientes que consideren oportuno, polo que entende que esta petición é desorbitada.

A **Sra. Alcaldesa** comezou dicindo que pode que a **Sra. Deza Martínez** dea a impresión de ser desagradable cando se pretende obter unha licenza inmediatamente sen ter toda a documentación, precisou que toda a oposición forma parte do Consello da Xerencia e, podendo revisar todos os expedientes, agora piden unha auditoría para que faga o traballo que non realizaron, demostrando que non coñecen expedientes que foron ao Consello moitas veces. A interviniente proseguíu dicindo que a oposición pretende que un grupo externo veña a facer un traballo que lle corresponde executar ao Consello da Xerencia, cun custo económico engadido para o Concello, non tendo ningún inconveniente en que se faga unha relación dos expedientes que queiran ver, para reunirse cos técnicos e examinalos, aludindo por último que non tiña nada que ocultar.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a votación a contratación dunha auditoría externa sobre xestión urbanística, no período de vixencia da Xerencia Municipal

de Urbanismo do Concello de Sanxenxo, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0

En consecuencia, non se aprobou a contratación da auditoria externa antes citada.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que, eu secretario, **DOU FE:**